

Palabras para unha vida

Un bo libro de conversas cun escritor é sempre un volume estimable por canto non só constitúe de seu unha mostra dialoxística de interese como subxénero literario, senón porque, amais, ha servir aos profesionais para fornecerse de datos sobre a biobibliografía do autor cos que iluminar a súa figura e, doutra banda, ao lector afecto, fiel seguidor do creador, seralle útil para comprender a circunstancia e a personalidade que determinaron unha vida, un xeito determinado de ser escritor.

O que digo é válido, xaora, para calquera creador, independentemente da súa proxección literaria. Ora ben, se o autor co que se mantén a entrevista é unha voz de relevo e delongada experiencia, evidentemente o atractivo da obra medra. É o que acontece coas *Conversas con Bernardino Graña* mantidas por Rafael Fernández

De conversa con Bernardino Graña



ARMANDO REQUEIXO



Lorenzo e Héitor Mera Herbello, cangueses de pro que souberon ver a importancia de animar ao poeta ao relato de feitos e aconteceres, propios e alleos, que tan amalgamados van coa nosa vida literaria dos últimos cincuenta anos.

O libro, prologado por Gonzalo Navaza, destacado creador tamén el e bo amigo de Graña, prosegue dalgunha maneira o labor de prospección que sobre o escritor se vén desenvolvendo dende hai un tempo por, entre outros, o propio Mera, quen recentemente daba ao prelo, recuperándoa, unha elaborada edición da peza teatral *Vinte mil pesos crime*, publicada orixinariamente hai xa preto de medio século.

En *Conversas con Bernardino Graña* atopará quen viaxe polas súas planas razón cabal da nacemento e infancia dun neno soñador da pedra milenaria de Ribadavia e o cativador mar de Cangas, mais tamén do mozo que abafou na grisalla universidade santiaguesa de Posguerra e foi respirar á Salamanca dos vellos mestres filolóxicos, do rapaz comprometido que abrazou o apostolado dese afiadador mítico que foi Brais Pinto en comunión fraternal cos Ferrín, Fernández Ferreiro, Cribeiro ou Patiño, do poeta, en fin, que quixo vivir o amor dos peixes sen sombras e crear o seu propio protoevanxeo para logo llo explicar a Fernández Lorenzo e Mera Herbello, a quen debe agradecerse a súa paciente dedicación na transcripción e ordenamento dun material que foi agromando, de vagar, ao longo do pasado lustro e que ve agora luz para contento de non poucos.

FERNÁNDEZ LORENZO, R. e MERA, Héitor, *Conversas con Bernardino Graña*. Ed. Xerais, Vigo, 2005, 99 páxinas